



2016
ANO
CASTELAO

DEPUTACIÓN DE LUGO  Cultura

centro  2D
Centro de Artesanía e Diseño

 REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

CICLO DE RELATORIOS

CASTELAO: UNHA VISIÓN MULTIDISCIPLINAR

Con motivo do **ANO DE CASTELAO**, a Área de Cultura da Deputación de Lugo, a través da súa Rede Museística Provincial, organiza un ciclo de relatorios que, baixo o título xenérico de **CASTELAO: UNHA VISIÓN MULTIDISCIPLINAR**, pretende amosar os distintos campos nos que destacou o ilustre rianxeiro, para un mellor coñecemento da súa figura e obra.

Estes relatorios van ter lugar ao longo de sete xornadas en distintos museos da Rede (Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar, Pazo de Tor e Museo Fortaleza de San Paio de Narla) así como tamén na Sala de Exposicións da Deputación de Lugo.

A través de diferentes especialistas, a Rede Museística quere profundizar neste intelectual e político, pai do nacionalismo galego e un dos máis importantes referentes da nosa cultura, autor dunha variada obra que abrangue as súas facetas de narrador, dramaturgo, debuxante, ensaísta e investigador.

PROGRAMA

CASTELAO DRAMATURGO.

Manuel Lourenzo. Actor, dramaturgo, director teatral, conferenciante, tradutor galego e dinamizador de diferentes iniciativas teatrais.

Mércores, 27 de abril, ás 19:00 horas, no Museo Provincial do Mar de San Cibrao (Cervo).

CASTELAO POLÍTICO . Da II República ao tempo do exilio (1931-1950).

Uxio-Breogán Diéguez Cequiel. Profesor da UdC, Doutor en Historia pola UB e director de Murguía, Revista Galega de Historia.

Xoves, 28 de abril, ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións da Deputación de Lugo.

CASTELAO HUMORISTA.

Siro López Lorenzo. Humorista gráfico, caricaturista e ensaísta.

Venres, 29 de abril, ás 18:00 horas, no Museo Pazo de Tor (Tor-Monforte de Lemos).

CASTELAO ARTISTA.

José Manuel López Vázquez. Profesor Titular de Historia da Arte da USC e especialista en Arte Galega.

Luns, 2 de maio, ás 20:00 horas, no Museo Provincial de Lugo.

CASTELAO NARRADOR.

Pilar García Negro. Profesora da UdC, política, escritora e sociolingüista.

Mércores, 4 de maio, ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións da Deputación de Lugo.

A OBRA DE CASTELAO NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO E O SEU APROVEITAMENTO DIDÁCTICO.

Xoán Ramiro Cuba Rodríguez. Escritor e Responsable de Publicacións da Deputación de Lugo.

Xoves, 5 de maio, ás 20:00 horas, no Museo Provincial de Lugo.

CASTELAO E AS CRUCES DE PEDRA.

Fernando Arribas Arias. Etnógrafo e Responsable de difusión da Rede Museística da Deputación de Lugo.

Venres, 6 de maio, ás 17:00 horas, no Museo Fortaleza de San Paio de Narla (Friol).



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
